

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 20 DE DICIEMBRE DE 2.010

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cinco minutos do día vinte de decembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, dona Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS.

Sométese ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte proposta de transferencia de crédito:

“No desenvolvemento e execución do orzamento corrente, observase a inexistencia de crédito ou a insuficiencia de determinadas partidas do Estado de Gastos para atender necesidades relativas a servizos a cargo da Corporación de carácter inaprazable.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que sexan insuficientes as dotacións previstas na correspondente partida presupostaría, a Corporación poderá acordar unha transferencia de crédito, que se financiará minorando o crédito dispoñible doutras partidas do orzamento cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo. A transferencia de crédito non implica modificación da contía total do estado de gastos do presuposto.

Esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de transferencia de créditos, ditos recursos nutriranse con cargo ás partidas 1.60, 3.22 e 3.61 do Estado de Gastos correspondentes a diferentes grupos de función e, na súa virtude, previo estudo das necesidades de carácter inaprazable que neste momento ten a Corporación, propónse a aprobación das modificacións que a continuación se detallan:

Partidas a incrementar:

Partida orzamentaria	Consignación antes deste expediente	Aumentos que se propón	Total consignación resultante	Fines a que se destinan os novos créditos e causas da súa necesidade
	Euros	Euros	Euros	

0.31	23.154	6000	29.154	Gastos financeiros de préstamos
0.91	23.910	4.500	28.410	Amortización de préstamos.
1.14	152.514	20.000	172.514	Gastos de persoal. Outro persoal.
1.21	15.000	63.000	78.000	Reparacións e mantemento.
4.22	400	20.000	20.400	Actuación de carácter económico. Material, suministros e outros.
9.23	25.000	20.000	45.000	Actuacións de carácter xeral. Indemnizacións por razón de servizo.
9.46	0	9.500	9.500	Transferencias correntes a entidades locais.
Total		143.000		
IMPORTE TOTAL DA OPERACIÓN.....				143.000 EUROS

Minoración parcial doutras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cuxas consignacións son susceptibles de redución, segundo o seguinte detalle:

Partida orzamentaria	Consignación antes deste expediente	Cantidade a anular ou minorar	Consignación que queda	BREVE EXPLICACIÓN DA BAIXA NA CONSIGNACIÓN SEN PERTURBACIÓN DOS SERVICIOS, ETC.
	Euros	Euros	Euros	
1.60	395.102	30.000	365.102	Inversión nova en infraestrutura.
3.22	891.000	50.000	841.000	Material, suministros e outros
3.61	160.473	63.000	97.473	Inversión nova en infraestrutura.
Totais por anulación o minoración		143.000		

Iníciase o debate preguntado o sr. Arcadio, porque se minora a partida de material, suministros e outros e se incrementa simultaneamente a mesma partida. E expresa a súa creenza de que a dotación da partida para mantemento de camiños ten unha finalidade electoralista, xa que os camiños son moi vistosos electoralmente.

O sr. Secretario resposta que a clasificación 22 corresponde a diferentes grupos de función: o 3 e o 4.

O sr. Alcalde resposta que a dotación desa partida carece de interés electoral, e que é bastante máis vistosa a inversión no funcionamento da Escola Infantil ou en asistencia a domicilio que en arranxar camiños.

O sr. Varela pregunta:

- Qué obras das programadas no orzamento inicial non se van a executar para financiar a transferencia de crédito.

- Cáles foron as contratacións de personal non previstas no orzamento inicial de gastos e que se realizaron durante o segundo semestre do 2010 e que xustifican a transferencia proposta.

- Por último, pregunta se foi un erro aritmético a consignación inicial de 15.000 euros na partida 1.21 ou se se tratou dun erro de previsión, xa que se pasa de 15.000 a 78.000 euros, máis do cuádruple en apenas seis meses.

O sr. Pardo resposta que non houbo erro de previsión, senón que confluíron unha serie de factores:

- A modificación da estrutura orzamentaria das Corporacións Locais, que xenera dificultades de presupuestación xa que as novas partidas non se corresponden coas liquidadas no ano anterior.
- O clima de inseguridade financeira na que se moven as entidades locais. Pon coma exemplo que entre o ano 2008 e o ano 2010 a participación nos tributos do Estado do Concello baixou en 200.000 euros, e esa baixada non é previsible.

O sr. Alcalde explica que a minoración das partidas de inversión nova é posible dado que se orzamentou unha cantidade global para inversións que non tiñan asignado un proxecto concreto e non se utilizou dita cantidade. Asemade, preveíase unha cantidade para algunha obra a cofinanciar por outras Administracións Públicas que, finalmente, non aportaron a súa financiación, polo que non se realizou a obra.

E asegura que a modificación é unha modificación de carácter técnico, xa que non precisa de financiación externa de ningún tipo nin de modificación de fontes de financiación, senón que unicamente afecta á distribución das partidas de gasto.

Por último, a modificación é de moi escasa contía: 143.000 euros sobor un orzamento de 3.755.000 euros, polo que o grao de cumprimento das previsións orzamentarias é moi alto.

Rematado o debate, sométese a votación a modificación proposta.

Rematado o debate, a modificación resulta aprobada con seis votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP e cinco votos en contra dos concelleiros dos Grupos Municipais do PSdG-PSOE e BNG.

E non habendo máis asuntos a tratar levántase a sesión, sendo as 13:35 horas, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto bó do Alcalde.

O Secretario

VºBº, O Alcalde